



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

.....
Partido dos Socialistas de Galicia
.....
José Manuel Lage Tuñas e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O clube de Remo de Muros ven dedicándose a práctica e competición de remo en banco fixo. Esta entidade ten participado en campionatos galegos e estatais ao longo dos últimos anos.

A entidade muradana considera moi importante potenciar as categorías inferiores, xa que estas son o futuro, ademais de poder deste xeito abrir o camiño para manter un deporte de raíces tan profundas nas vilas mariñeiras.

Este clube conta entre os seus remeiros con Santiago Lago Figueroa, destacado deportista a nivel estatal e internacional, que leva colleitado moi bos resultados.

Este Grupo Parlamentario faise eco da necesidade de apoio que ten o citado clube, xa que precisa contar cun skiff, remo olímpico, do que a día de hoxe carecen. Deste xeito poderían axudar ao citado remeiro, que é un exemplo para os rapaces de Muros, que ven nel unha motivación para acudir a practicar este deporte.

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte a través dunha Orde do 2 de Maio de 2006 publicada no Diario Oficial de Galicia do 12 de Maio do presente ano daba a coñecer unha convocatoria de axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas, e para a adquisición de equipamento deportivo.

O Goberno Municipal de Muros comprometeuse coa entidade a axudar cun 30% do investimento necesario para poder dotar do equipamento requirido ao citado clube, nun claro sinal do compromiso que establecen coa práctica náutico-deportiva.



Grupo Parlamentario

A entidade dirixiuse á Consellería de Cultura e Deporte, solicitando unha axuda ao abeiro da convocatoria que reseñamos con anterioridade.

Os socialistas galegos compartimos coas entidades e colectivos deportivos de Galicia a necesidade de potenciar as actividades náuticas e sobor de todo aqueles de ampla tradición no noso país, como pode ser o remo.

Polo exposto con anterioridade, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Que axuda outorgou a Consellería de Cultura e Deporte ao clube de remo Muros para a adquisición do citado skiff?

2.- ¿Que previsións ten a Consellería de Cultura e Deporte de axuda ao citado clube para fomentar a práctica deportiva no Concello de Muros?

Pazo do Parlamento, 26 de Setembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/10/2006 13:02:08

José Manuel Gallego Lomba na data 05/10/2006 13:02:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia
